



UNIVERSIDADE
DE VIGO



Biblioteca Universitaria

Asunto: Reparto do orzamento 2017 da Biblioteca Universitaria (Aplicación 628)

Na súa reunión do 23 de febreiro de 2017 a Comisión Xeral da Biblioteca Universitaria procedeu ao reparto ás Áreas de Coñecemento dos fondos orzamentarios do Programa "Biblioteca Universitaria" destinados á adquisición de bibliografía con fins de investigación.

Para isto, a distribución entre as Áreas fíxose segundo os criterios dos anos anteriores, e de acordo cos **datos facilitados pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e os propios Departamentos.**

En función deles as cantidades resultantes para as Áreas que corresponden ao seu Departamento son as que se indican no documento anexo.

O persoal Docente e Investigador de cada Campus deberá solicitar a bibliografía á Biblioteca Central que corresponda **antes do 30 de setembro de 2017.** Para acadar a unha xestión máis eficiente, **a 31 de maio do 2017** o 50% das cantidades asignadas deberá estar comprometido. No caso de que unha Área non houbera gastado ou comprometido en dita data o 50% do orzamento, as cantidades pendentes para chegar a esta porcentaxe pasarán a disposición da Biblioteca.

Pregamos traslade esta información a todo o profesorado do seu Departamento. Para calquera outra aclaración poden poñerse en contacto coa Xefa da Sección de Adquisicións da Biblioteca Universitaria (xsadqui@uvigo.es).

Vigo, 24 de febreiro de 2017
O Director da Biblioteca Universitaria



Gerardo Marraud González

SRES./SRAS. DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTO. UNIVERSIDADE DE VIGO

Campus Lagoas - Marcosende • E - 36310 VIGO (España)
Teléfonos: +34 986 81 38 53 / 986 81 38 54 • Fax: +34 986 81 38 47 • E-mail: admibc@uvigo.es